

AS FONTIÑAS

Un 
barrio
a imitar

O Concello de Santiago celebrao contigo o sábado 20

As Fontiñas recibiu o **Premio Europeo de Arquitectura Philippe Rotthier 2008** polo seu deseño urbano. Por iso queremos que **PARTICIPES:**

- Deixa un desexo para o barrio no COFRE que estará no Centro Sociocultural desde o luns 15 ata o sábado 20 de decembro.
- Se participas sairás nun vídeo!

En 1988 comezou a xestarse o barrio das Fontiñas. A construción das primeiras vivendas supuxo un paso cara a **modernización urbana** da nosa cidade. O Polígono 1 foi o **primeiro "ensanche" da democracia:** equilibrado, axustado ás necesidades da vida contemporánea e proxectado cara o futuro. Hoxe As Fontiñas son unha peza ensamblada na cidade e con personalidade propia.

Neste barrio tan especial un **crisol de xentes** moi diversas traballan e conviven con dinamismo e vitalidade, pacificamente. Foron moitas as persoas, entidades, institucións e asociacións que uniron esforzos para lograr que As Fontiñas sexan un **exemplo de integración** a nivel nacional e internacional, como así o recoñece o Premio Philippe Rotthier 2008.

Nas Fontiñas viven unhas 11.000 persoas, nun polígono residencial no que arredor do 90% das vivendas teñen algún tipo de protección autonómica. Conta con **todos os servizos:** equipamentos deportivos e educativos, un centro de saúde, un centro sociocultural, unha ludoteca e amplas zonas verdes, ademais dunha grande área comercial.

...e o sábado
20 de decembro
festa!
A partir das 17:00 h.
diante de Área Central:

- GRAFFITI no muro do instituto.
- Proxección dun VÍDEO sobre o barrio.
- Enterro do COFRE debaixo dunha árbore, para que xermolen e se cumbran os desexos!
- Música, baile... e a misteriosa danza de Iria a Feiticeira!

AS FONTIÑAS

Un  barrio a imitar

- 1 Área Central
- 2 Escola Infantil Municipal das Fontiñas (Escola do Coelho Branco)
- 3 C.E.I.P. das Fontiñas
- 4 C.E.I.P. das Fontiñas
- 5 I.E.S. Fontiñas
- 6 Centro Sociocultural
- 7 Policía Autonómica
- 8 Igrexa
- 9 I.E.S. Antón Fraguas
- 10 E.G.A.P.
- 11 Ludoteca
- 12 Centro de Saúde
- 13 Cruz Vermella
- 14 Xulgados
- 15 C.E.I.P. Monte dos Postes
- 16 Escola de Altos Estudos Musicais
- 17 Parques infantís
- 18 Pistas deportivas
- 19 Pista de patinaxe
- 20 Esculturas
- 21 Fontes
- 22 Miradoiros
- 23 Polideportivo (nova construción)



Deixa o teu desexo no cofre que estará do 15 ao 20 de decembro no centro Sociocultural das Fontiñas e pide que te graven no vídeo!

Ven á festa do sábado 20